

Comunicado nº 222/19
24 de setembro de 2019

❑ DESBLOQUEO ADMINISTRATIVO DO CIRCUITO JOSÉ RAMÓN LOSADA:

Ante o Comunicado da Xunta Directiva, da “Peña Autocross Arteixo”, de data 23 de Setembro de 2019, onde se leva a cabo unha interpretación errónea do Comunicado Nº 231/19 que publicou a “Federación Galega de Automobilismo”, faise necesario informar da cronoloxía da negociación co Alcalde-Presidente do “Excmo. Concello de Arteixo.”, Don José Carlos Calvelo.

1-.O pasado 5 de setembro do 2019 enviouse unha comunicación a Don José Carlos Calvelo, con copias o Tte. Alcalde- Concelleiro de Urbanismo do Excmo. Concello de Arteixo, o Secretario Xeral Para o Deporte, e o Presidente da Peña Autocross Arteixo onde se solicitaba unha solución para as probas do Campionato de Galicia de Autocross que a consecuencia do precinto que pesa sobre o Circuito José Ramón Losada non se puideron levar a cabo na mencionada instalación durante as dúas derradeiras tempadas deportivas (2018 e 2019), probas do Campionato de Galicia de Autocross.

2-.Dende o inicio o Presidente da Peña Autocross Arteixo, Don Jose M. Castro Calvete, tivo información anticipada e con carácter preferente dos pasos a seguir para desbloquear a inxusta discriminación dos deportistas Galegos en favor dos Estatais.

3-. O pasado 14 de setembro do 2019 levouse a cabo unha reunión co Alcalde-Presidente de Arteixo a que foi invitado a asistir o Presidente da Peña, que declinou asistir por coincidir co 1º Rallymix de Arteixo, e estar en tarefas organizativas.

4-. O Presidente da "Federación Galega de Automobilismo" informou, antes e despois da reunión, do compromiso persoal do Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Arteixo de desbloquear a instalación deportiva no segundo semestre do 2020, con aceptación de celebración de probas Estatais e Autonómicas.

5-. Na liña de saída do 1º Rallymix de Arteixo, polo serán, o Presidente da Federación Galega informou o Presidente da Peña das novas da reunión e “in situ” acordouse adiantalo Rallymix 2020 para o primeiro semestre, e pre-calendar unha proba de autocross Autonómica no segundo semestre do 2020.

6-. En ningún momento esta Federación, e os seus representantes dubidan da boa fé e das boas intencións do Alcalde-Presidente Don Carlos Calvelo e pide que os directivos da Peña confíen, axuden, e remen na mesma dirección para desbloqueala inxusta situación para co Autocross de Galicia e os seus deportistas.

7-. A Xunta Directiva da Federación Galega de Automobilismo non entende que o Circuito José Ramón Losada leve precintado dous anos para o deporte Autonómico e leve dous desprecintado para o deporte Estatal e dende este comunicado facemos votos para que non haxa intereses escuros ou de desprecio o Campionato de Autocross de Galicia e os seus deportistas.

8-. A “Federación Galega de Automobilismo” non ten nada que rectificar, nin retractarse de nada, xa que todo se fixo coa máxima transparencia, informando anticipadamente o Presidente da Peña de tódolos pasos a dar, e co único interés de atallar unha situación de inxustiza e discriminación que está a sufrir o Deporte Galego.